



## Á MESA DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 9440, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre o incremento polo Goberno galego no ano 2017 do número de puntos de encontro familiar en Galicia, así como o reforzo da súa dotación de medios humanos e materiais, que será debatida na sesión que a Comisión 5<sup>a</sup> vai celebrar o 29 de xuño de 2017. (10/PNC-000983).

### EMENDA Nº 1 DE ADICIÓN

Débese engadir ao final do punto 1. o seguinte texto:

“...,creando centros públicos e con xestión directa por parte da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 do Decreto 96/2014.”

### EMENDA Nº 2 DE ADICIÓN

Débense engadir dous novos puntos:

3. Facilitar que todas as persoas, independentemente do lugar de residencia, poidan acceder aos puntos de encontro familiar con facilidade, prestando especial atención á situación que existe no rural.
4. Realizar unha auditoría sobre a totalidade dos puntos de encontro familiar galegos de maneira que se actualice a información dos centros no que atinxe á



súa plantilla e cualificación, medidas de seguridade, idoneidade dos equipamentos e modelos de xestión.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,  
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 27/06/2017 18:39:00**

**Luis Villares Naveira na data 27/06/2017 18:39:09**

## Á MESA DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **7698**, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de iniciativas dirixidas ás entidades locais para a constitución e mellora do funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, que será debatida na sesión que a Comisión 5<sup>a</sup> vai celebrar o 29 de xuño de 2017. (10/PNC-000801).

### EMENDA DE ADICIÓN

Débase engadir ao final da parte resolutiva os seguintes puntos:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a modificar a Lei de Orzamentos do ano 2017 para ampliar os recursos para os servizos sociais comunitarios e para os servizos sociais especializados de menores.”

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que a Consellería de Educación colabore cos centros de ensino para a súa participación activa nas mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero”.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Goberno do Estado para que proceda á derogación da Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local”.



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Goberno do Estado para que incremente en 120 millóns de euros os capítulos dos Presupostos Xerais do Estado en materia de prevención das violencias machistas e en promoción da Igualdade.”

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 27/06/2017 18:37:59**

**Luis Villares Naveira na data 27/06/2017 18:38:10**

## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a ampliación pola Xunta de Galicia de xeito progresivo ao conxunto do territorio galego do Programa Acude e Axuda, do Sergas, no caso de que a avaliación dos resultados do proxecto piloto acrediten a súa efectividade (10/PNC-000198, doc. núm. 1848).

### Emenda de adición

Débese engadir ao final do parágrafo parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Engadir in fine: “...asegurando a dotación necesaria de recursos materiais (DESAS segundo criterios técnicos informados) e o seu mantemento para garantir o correcto funcionamento.”

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.:Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.:Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 28/06/2017 16:43:27**



**Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 16:43:33**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera existentes nos servizos de radiodiagnóstico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, así como as circunstancias da doazón por unha empresa de equipamento de TC e RM para a área cardiovascular do centro (10/PNC-000993, doc. núm. 9508).

### Emenda de modificación

Débase modificar os parágrafos primeiro, terceiro e cuarto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“- Garantir un servizo eficaz, de calidade e que preserve a equidade de acceso dos e das doentes aos servizos sanitarios do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, ampliando o volume de recursos materiais e humanos necesarios para reducir as listas de agarda nos seus servizos.”

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.:Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.:Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 28/06/2017 16:43:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 16:43:54**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adaptación polo Goberno galego das prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas (10/PNC-001024, doc. núm. 9856).

### Emenda de adición

Débase engadir ao final do parágrafo da parte resolutiva o seguinte contido:

Engadir in fine: “...ampliando as prazas de persoal para poder incorporar aos novos e novas especialistas.”

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.:Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.:Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

### Asinado dixitalmente por:

**Julio Torrado Quintela na data 28/06/2017 16:44:04**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 16:44:13**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/06/2017 17:24  
Nº Rexistro: 11160  
Data envío: 28/06/2017 17:24:06.318

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, con número de rexistro **9440 (10/PNC-000983)**, sobre o incremento polo Goberno galego no ano 2017 do número de puntos de encontro familiar en Galicia, así como o reforzo da súa dotación de medios humanos e materiais, que será debatida na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o vindeiro 29 de xuño de 2017.

### Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Garantir que todas as persoas que precisen facer uso dun punto de encontro, e que vivan alonxadas do mesmo, en especial as persoas que viven no rural, teñan garantido o acceso ao mesmo mediante medio de transporte facilitado pola administración.”

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/06/2017 17:24**  
**Nº Rexistro: 11160**

Data envío: 28/06/2017 17:24:06.318

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2017 17:11:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2017 17:12:01**

## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a elección pola Consellería de Sanidade do modelo denominado “liña quente” para a nova cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e a súa dotación de maquinaria necesaria (10/PNC-000220, doc. núm. 2108)

### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 bis.- Crear un comisión de seguimento das obras e da posterior posta en marcha da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, que se reunirá periodicamente e que estará composta por unha representación da Dirección do CHUOU e da súa xunta de persoal.

- Dita Comisión terá como obxectivo a transmisión de información, e a coordinación das decisións a respecto da atención sanitaria que se vai levar a cabo na nova área sanitaria, así como da actividade dos traballadores e traballadoras do complexo hospitalario.”

### Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 ter.- Garantir que a nova área de aparcadoiro que se inclúe nas obras de ampliación do Hospital de Ourense, sexa de titularidade e xestión pública sen custo tanto para os traballadores e traballadoras do CHUOU, como para os usuarios e usuarias do hospital.”



 Grupo Parlamentario

## Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2 quater.- Restablecer no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de maneira urxente e permanente, o Servizo de Cirurxía Pediátrica 24 horas ao día e os 365 día do ano.”

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/06/2017 17:50:32**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 17:50:38**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Marta Rodríguez Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Comisión, do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, **9440(10/PNC-000193)** Sobre o incremento polo Goberno galego no ano 2017 do número de puntos de encontro familiar en Galicia, así como o reforzo da súa dotación de medios humanos e materiais.

### Emenda de substitución:

Débase substituír o punto un da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“1.O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar unha valoración da viabilidade de apertura de novos puntos de encontro familiar en Galicia”.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2.017.

### Asinado dixitalmente por:

**Pedro Puy Fraga na data 28/06/2017 17:59:07**

**Marta Rodríguez Arias na data 28/06/2017 17:59:25**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/06/2017 18:05  
Nº Rexistro: 11175  
Data envío: 28/06/2017 18:05:37.631

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **7698 (10/PNC-000801)**, sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de iniciativas dirixidas ás entidades locais para a constitución e mellora do funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, que será debatida na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o vindeiro 29 de xuño de 2017.

### Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

“-Presentar no prazo de tres meses un estudo sobre a situación actual das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, demandas trasladadas desde as mesmas, resolución das demandas por parte da Xunta de Galiza, nivel de asistencia dos diferentes organismos ás mesmas(Sergas, ensino, xustiza, oficinas emprego...).

-Compromiso de proceder de inmediato á dotación orzamentaria e de persoal precisa para atender as necesidades que se detecten.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/06/2017 18:05**  
**Nº Rexistro: 11175**  
Data envío: 28/06/2017 18:05:37.631

-Garantir a participación nestas mesas das persoas responsábeis dos organismos e entidades dependentes da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2017 18:05:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2017 18:05:24**



## Á Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de iniciativas dirixidas ás entidades locais para a constitución e mellora do funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero (10/PNC-000801, doc. núm. 7698)

### Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que de forma progresiva e con horizonte no ano 2020 se incremente o orzamento destinado á partida 05.11.313B.460.0 de “Accións de promoción da igualdade e prevención da violencia a desenvolver polas entidades locais” ata que se duplique a súa contía actual.”

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 28/06/2017 18:15:20**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/06/2017 18:16**  
**Nº Rexistro: 11177**  
Data envío: 28/06/2017 18:16:27.139



**Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2017 18:15:25**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través da súa deputada, **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei, doc núm. 1848, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a ampliación de xeito progresivo do programa Acude Axuda, que será debatida na sesión que a Comisión 5.<sup>a</sup> celebrará o 29 de xuño de 2017. (10/PNC-000198).

### **Emenda de Adición**

Débase engadir o seguinte texto:

*“ Así mesmo insta a adoptar as seguintes medidas conducentes a mellorar a situación do servizo do 061:*

- 1.- Iniciar o diálogo co persoal do 061 e empresas sobre o posible traslado á central da Estrada e das condicións laborais.*
- 2.- Retirar as “ambulancias de apoio para o 061” dotando no seu lugar recursos do 061 con dous TES así como o material necesario.*
- 3.- Adaptar os horarios de voo dos dous helicópteros do 061 ás horas de luz de xeito simultáneo. ”*

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

Asdo. Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira



Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 29/06/2017 09:50:54**

**Luis Villares Naveira na data 29/06/2017 09:51:03**